

BASES II CONCURSO DE DESEÑO PORTADA E CONTRAPORTADA AXENDA COTSG 2023

-I- OBXECTO

O Colexio Oficial de Traballo Social (COTSG) pon en marcha un concurso para a creación e deseño de portada e contraportada para as Axendas COTSG 2023, co obxectivo de promover e difundir a **esencia do Traballo Social, o compromiso ético e a defensa dos valores e principios do Traballo social, en definitiva, reivindicar a esencia da nosa figura profesional.**

Este ano , desde a xunta de goberno do CGTS de Galicia, valoramos que estamos nun momento relevante da profesión, en relación ao seu verdadeiro obxecto e esencia, esta atópase totalmente esvaecida fronte á tecnocracia e o control e xestión de prestacións.

A axenda é un elemento de impacto de visibilidade para a profesión, cidadanía e institucións, por iso propoñemos que a portada da axenda verse sobre a nosa identidade profesional, onde os valores, principios vinculados ao noso código ético estean presentes, e sobre todo a nosa esencia profesional, que é a intervención social, acompañamento a persoas, grupos e comunidades , onde se establezan as relacións de axuda reconstruíndo ámbitos relacionales, convivenciais, de autonomía e inclusión.

Tendo en conta todos os cambios sociais das últimas décadas, desde o punto de vista estrutural como para as persoas usuarias, a nosa identidade profesional parece desfigurarse, debido ao enfoque da nosa práctica profesional máis cara á xestión e provisión de recursos e non tanto cara á intervención social, a interacción coas persoas, o traballo con e para a comunidade.

É un momento de cambio e de unión profesional, un momento para reivindicar o compromiso co Traballo social e, sen dúbida, co Código deontolóxico, instrumento esencial para a nosa praxe diaria.

As bases redáctanse para regular e normalizar o II Concurso de creación e deseño de portada e contraportada das Axendas COTSG 2023.

-II- PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán optar ao concurso as persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Colexiada/o ou precolexiada/o ao corrente das cotas.
- b) Aceptar integramente as presentes bases así como a resolución por parte da organización de calquera problema non recollido nas mesmas

-III- REQUISITOS E CARACTERÍSTICAS DOS DESEÑOS

a) Características

- A temática será “A esencia do Traballo Social” e o recoñecemento da profesión.
- Son válidas as ilustracións, viñetas de cómic, debuxos, fotografías, collage, etc. Ligadas sempre á temática mencionada.
- Pódese enviar un máximo de tres deseños por participante.
- Os deseños enviados non poden ter participado noutros concursos nin ter sido publicados anteriormente en redes sociais, ser orixinais e de creación propia.
- Todos os deseños, independentemente de ser elixidos ou non, serán compartidos polas diferentes redes do colexio.
- No caso do uso de imaxe de crianzas, será responsable de dito uso da imaxe a persoa participante no concurso OU non se aceptarán imaxes nas que aparezan menores.
- Os deseños presentados deben estar asinados pola/o autora/or.

b) Formato:

- Tamaño e medida global (conformada por unha ou varias ilustracións) da portada e contraportada: 165 x 215 milímetros.
- Fondo homoxéneo (dunha única cor, a ser posible) para a súa mellor adaptación no proceso de maquetación e impresión.
- O Formato será PNG, coa posibilidade de estar feitas a man ou cun programa de deseño tal como *ilustrator* ou *Photoshop*

Entre todos os deseños se escollerán o deseño de portada e contraportada atendendo aos criterios previamente deseñados da Xunta de Goberno e do equipo técnico do COTSG.

-IV- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

Os deseños deben ser enviados ao correo comunicación@traballosocial.gal seguida do documento adxunto, e acompañadas polo nome e apelidos, e-mail de contacto, teléfono de contacto e resumo do deseño

O prazo de presentación será desde o 26 de xullo ata o 10 de setembro ás 23.59h.

-V- PREMIOS E XURADO

- a) Premiarase a aquela ou aquelas ilustracións valoradas polo Xurado, conformado pola Xunta de Goberno e o Equipo do COTSG.
- b) Premiarase o número de ilustracións que o Xurado valore atendendo ao criterio do mesmo, podendo escoller un mínimo de 1 e un máximo de 4 deseños.
- c) O Premio consistirá en participar gratuitamente nalgún dos cursos do COTSG 2022-2023, ademais de aparecer na portada e/ou contraportada da Axenda do COTSG 2023.
- d) O xurado poderá excluír do concurso a aquelas persoas que fagan un mal uso do mesmo, iso é, que incumpran unha ou máis dunha das condicións reguladas nas bases.
- e) O fallo do Xurado será na sesión celebrada de Xunta de Goberno no mes de setembro do 2022.

-IV- RESPONSABILIDADE E CESIÓN DE DEREITOS

A organización do concurso non se responsabiliza dos prexuízos que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas nestas bases, poidan aparecer por uns contidos inadecuados. A participación no concurso e aceptación das presentes bases implica a cesión á organización dos dereitos de reprodución, exhibición, comunicación pública e transformación de todas as imaxes e/ou ilustracións presentadas. No caso de cartelería, citarase a autoría da ilustración nalgunha das marxes da axenda.

En Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2022

XUNTA DE GOBERNO

